



OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Marzo 2019

CONCELLO DE A CORUÑA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de A Coruña

		Marzo 2019	1º trimestre 2019
VIAXEIROS	Nº	30.338	87.741
	Var. 19/18	-4,4%	6,3%
PERNOCTACIÓNS	Nº	62.123	172.733
	Var. 19/18	0,5%	4,5%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,05	1,97
	Var. 19/18	5,0%	-1,7%
OCUPACIÓN (%)	%	39,63%	37,94%
	Var. 19/18	-1,65	0,10
ADR (€)	%	55,7 €	55,2 €
	Var. 19/18	-1,8%	3,8%
RevPAR (€)	%	29,6 €	28,0 €
	Var. 19/18	-3,6%	5,1%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Marzo 2019	1º trimestre 2019
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	25.216	72.993
	Var. 19/18	-6,5%	4,8%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	5.122	14.748
	Var. 19/18	8,1%	14,4%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	49.826	138.096
	Var. 19/18	-3,1%	4,2%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	12.297	34.637
	Var. 19/18	18,2%	5,7%

MARZO 2019

- No pasado mes de marzo obsérvase un leve incremento dos niveis de demanda hoteleira na cidade de A Coruña. En concreto, o volume de noites sobe un 0,5% -cifra que máis ben fala de estabilidade- como consecuencia dunha mellora da estadía media nun contexto no que descende a cifra de viaxeiros aloxados –un 4,4% neste caso-.
- Estabilízase a demanda logo de rexistrar caídas consecutivas nos dous anos anteriores –en marzo de 2017 e 2018-, deixando desta maneira o nivel final en pouco máis de 62 mil noites – cifra inferior á de 2016 e 2017 mais superior á primeira parte desta década.


- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é diferente descende por segundo ano consecutivo deixando o nivel final deste 2019 por encima dos 30 mil –a cifra máis baixa dos últimos catro anos-.
- O 80% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 20% restante é de orixe internacional.
- Neste terceiro mes do ano obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional cae un 3,1% como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros españois, do 6,5% neste caso.
- O mercado internacional amosa en cambio un comportamento positivo superando nun 8,1% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 18,2% o volume de noites de marzo do pasado ano.
- A estadia media hoteleira incrementase neste mes –un 5,0%- e por segundo ano consecutivo – no pasado ano subira un 15,0%-, situándose o valor deste 2019 en 2,05 noites –a cifra máis elevada dos últimos catro anos e que supera en tres décimas o valor rexistrado en marzo de 2017-.
- Estabilízase a demanda nun contexto de crecemento paralelo e de maior intensidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe un 4,7%-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación -descende en 1,6 puntos porcentuais para situarse no 39,6% de media para este mes de marzo –cifra que se sitúa no contorno do 40% rexistrado nos últimos catro anos-.
- As tarifas hoteleiras descenden neste terceiro mes do ano –un 1,8% en particular- situándose en 55,7 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída dos niveis de ocupación acontecida ademais nun contexto de descenso dos prezos provoca que neste mes de marzo empeoren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro cae un 3,6% situándose en 29,6 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de A Coruña. Mes de marzo 2012-19



1º TRIMESTRE 2019

- Nos primeiros tres meses deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de A Coruña. En concreto, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 6,3% e o volume de noites un 4,5% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- É o segundo ano consecutivo no que se rexistra un crecemento da demanda nos hotéis e pensións de A Coruña neste período –a suba deste 2019 engádese á rexistrada en 2018, do 0,8% neste caso-. Con esta dinámica a cidade de A Coruña rexistra neste ano preto de 173 mil noites no primeiro trimestre, a cifra máis elevada dos últimos once anos.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é algo diferente pois o incremento deste ano contraponse ao descenso do pasado 2018, acadando neste 2019 preto de 88 mil viaxeiros.
- O bo comportamento da demanda neste trimestre vén como consecuencia dos incrementos rexistrados nos tres meses considerados, con subas do 10% en xaneiro, do 4% en febreiro e do 0,5% agora en marzo.
- O 80% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 20% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo e positivo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 4,2% como consecuencia esencialmente dun incremento da cifra de viaxeiros españois, do 4,8% neste caso.
- O mercado internacional amosa tamén unha dinámica positiva superando nun 14,4% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 5,7% o volume de noites do mesmo período do pasado ano. Isto permite rexistrar un máximo histórico de demanda internacional neste período de tres meses con preto de 35 mil noites.
- A estadía media hoteleira descende neste período –un 1,7% en particular- para situarse en preto de dúas noites –cifra que practicamente se mantén nos niveis do pasado ano pois a caída é pouco significativa-.
- Increméntase a demanda nun contexto de crecemento paralelo e de similar intensidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe un 4,3%-, circunstancia que permite estabilizar o nivel de ocupación –nun sentido estrito mellora en 0,1 puntos porcentuais– para deixalo no 37,9%. É a porcentaxe máis elevada dos últimos once anos.
- As tarifas hoteleiras increméntanse neste período de tres meses –un 3,8% en particular- situándose en 55,2 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A leve mellora dos niveis de ocupación acontecida ademais nun contexto de suba dos prezos provoca que neste primeiro trimestre do ano melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 5,1% situándose en 28,0 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de A Coruña. 1º trimestre 2012-19

CONCELLO DE FERROL

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ferrol

		Marzo 2019	1º trimestre 2019
VIAXEIROS	Nº	3.966	9.804
	Var. 19/18	-23,3%	-7,4%
PERNOCTACIÓNS	Nº	6.643	17.292
	Var. 19/18	-29,4%	-15,4%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,67	1,76
	Var. 19/18	-8,0%	-8,6%
OCUPACIÓN (%)	%	27,24%	24,38%
	Var. 19/18	-9,18	-2,99

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.

		Marzo 2019	1º trimestre 2019
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	3.167	8.222
	Var. 19/18	-33,0%	-12,2%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	799	1.582
	Var. 19/18	80,4%	29,8%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	4.084	13.013
	Var. 19/18	-50,8%	-20,7%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	2.559	4.279
	Var. 19/18	129,5%	6,7%


MARZO 2019

- No pasado mes de marzo obsérvase un comportamento negativo de demanda hoteleira na cidade de Ferrol. En concreto, descende a cifra de viaxeiros aloxados un 23,3% e o volume de noites un 29,4% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Estes resultados están afectados en grande medida polo efecto negativo do calendario coa celebración da Semana Santa en diferentes meses –este ano cadrou en abril cando no pasado 2018 celebrouse en marzo-. Este evento, de notable importancia na cidade de Ferrol, condiciona de forma notable os resultados destes dous meses, sendo que neste ano inflúen negativamente nas cifras de marzo.
- Tal circunstancia reflíctese na tendencia que as cifras de demanda hoteleira veñen amosando nos últimos anos, alternando períodos de crecemento con anos de caídas en relación co momento do ano no que se celebre a Semana Santa. Desta maneira o volume de noites cae en

marzo de 2016 e 2017, sobe de forma considerable en 2018 para descender de novo agora en 2019.

- O 61,5% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 38,5% restante é de orixe internacional. Estas porcentaxes fan referencia ao volume de noites e difiren bastante do observado no caso dos viaxeiros aloxados –dos cales o 80% son españois e o 20% son estranxeiros-. A diferenza vén dada pola estadía media que se sitúa en niveis moi baixos para o caso do mercado nacional –con 1,3 noites- e moi elevado para os estranxeiros –con 3,2 noites neste caso-.
- Neste terceiro mes do ano obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional cae en pouco máis do 50% como consecuencia esencialmente dun descenso parello da cifra de viaxeiros españois, do 33% neste caso.
- O mercado internacional amosa, en cambio, un comportamento positivo superando en máis do dobre as cifras do pasado ano. As variacións son moi elevadas en termos relativos mais fan referencia a un volume moi baixo de demanda –o mercado estranxeiro xerou pouco máis de 2.500 noites neste mes-.
- A estadía media hoteleira descende neste mes –un 8,0% en particular- situándose en preto de 1,7 noites –a segunda cifra máis baixa da década-.
- O forte descenso da demanda prodúcese nun contexto de suave caída da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende un 5,1% neste caso-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación -cae en nove puntos porcentuais para situarse no 27,2% de media para este mes de marzo-.


Noites hoteleiras no concello de Ferrol. Mes de marzo 2015-19



1º TRIMESTRE 2019

- Nos primeiros tres meses deste ano obsérvase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ferrol. En concreto, a cifra de viaxeiros aloxados descende un 7,4% e o volume de noites un 15,4% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Cae a demanda logo de rexistrar un incremento no pasado ano 2018 que á súa vez contraponse aos descenso de anos anteriores. Obsérvase, por tanto, un comportamento irregular da demanda neste período de tres meses na cidade de Ferrol, circunstancia que coloca o nivel deste 2019 en algo máis de 17 mil noites.
- O 75% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 25% restante é de orixe internacional.
- Neste primeiro trimestre do ano obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional cae un 20,7% como consecuencia esencialmente dun descenso paralelo da cifra de viaxeiros españois, do 12,2% neste caso.
- O mercado internacional amosa, en cambio, un comportamento positivo cun incremento do 30% na cifra de viaxeiros aloxados e do 6,7% no volume de noites en comparación co primeiro trimestre do pasado ano. Isto coloca o nivel final en máis de catro mil noites, a cifra máis elevada dos últimos catro anos.
- A estadia media hoteleira descende neste período –un 8,6% en particular- situándose en preto de 1,8 noites –a segunda cifra máis baixa dos últimos anos-.
- O descenso da demanda prodúcese nun contexto de certa caída da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende un 4,3% neste caso-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación de tres puntos porcentuais –para situala no 24,4% de media neste trimestre-.

Noites hoteleiras no concello de Ferrol. 1º trimestre 2015-19



CONCELLO DE LUGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Lugo

		Marzo 2019	1º trimestre 2019
VIAXEIROS	Nº	9.509	27.684
	Var. 19/18	-22,8%	-11,4%
PERNOCTACIÓNS	Nº	20.846	55.177
	Var. 19/18	-11,0%	-3,6%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,19	1,99
	Var. 19/18	15,3%	8,8%
OCUPACIÓN (%)	%	40,63%	39,70%
	Var. 19/18	-5,55	-0,90
ADR (€)	%	48,5 €	43,0 €
	Var. 19/18	14,2%	4,5%
RevPAR (€)	%	22,8 €	19,5 €
	Var. 19/18	11,3%	2,1%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Marzo 2019	1º trimestre 2019
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	8.860	25.475
	Var. 19/18	-23,1%	-14,0%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	649	2.209
	Var. 19/18	-19,0%	34,9%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	18.626	48.340
	Var. 19/18	-14,9%	-10,1%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	2.220	6.837
	Var. 19/18	43,3%	97,4%

MARZO 2019

- No pasado mes de marzo obsérvase un comportamento negativo da demanda hoteleira na cidade de Lugo. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados cae un 22,8% e o volume de noites un 11,0% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Este descenso, asociado ao efecto negativo do calendario pola celebración da Semana Santa – que no pasado ano cadrou en marzo e este en abril- consolida a tendencia irregular da demanda nos últimos anos. En realidade o comportamento turístico de Lugo en marzo está asociado en grande medida á Semana Santa, de aí que rexistre subas en 2013, 2015, 2016 e 2018 e caídas en 2014, 2017 e agora en 2019.

- O 89% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 11% restante é de orixe internacional.
- Neste terceiro mes do ano obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional cae un 14,9% como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros españois, do 23,1% neste caso.
- O mercado internacional amosa, en cambio, un comportamento positivo, superando nun 43,3% o nivel de demanda do pasado ano como consecuencia dunha forte mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros estranxeiros cae un 19,0%. O crecemento é moi destacado en termos porcentuais mais aínda así fai referencia a un volume moi baixo de demanda –pouco máis de dúas mil noites-.
- A estadia media hoteleira incrementábase neste mes –un 15,3% en particular- para situarse en 2,2 noites. A estadia media volve a situarse por encima das dúas noites por segunda vez nesta década –en 2017 acadara o seu máximo histórico con 2,3 noites-. En marzo de 2012 a cifra quedaba por debaixo de 1,6 noites.
- Cae a demanda nun contexto de certo incremento da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe un 1,9%-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación -descende en 5,5 puntos porcentuais para situarse no 40,6% de media para este mes de marzo, a segunda cifra máis elevada da década-.
- As tarifas hoteleiras incrementábase de forma notable neste mes –un 14,2% en particular-, para situarse en 48,5 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Tal circunstancia provoca en esencia que neste mes de marzo melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira –a pesar dos datos negativos de demanda e ocupación-. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 11,3% para situarse en 22,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.


Noites hoteleiras no concello de Lugo. Mes de marzo 2012-19



1º TRIMESTRE 2019

- No primeiro trimestre deste ano 2019 obsérvase un comportamento negativo da demanda hoteleira na cidade de Lugo. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados cae un 11,4% e o volume de noites un 3,6% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Con este descenso rómpese dalgunha maneira a tendencia positiva que a cidade de Lugo viña rexistrando nos últimos catro anos, con subas de diversa intensidade que elevaron a máis de 57 mil noites a cifra de marzo de 2018. A caída deste ano sitúa o volume final en pouco máis de 55 mil noites, a segunda cifra máis elevada da década.
- O mal comportamento da demanda vén como consecuencia das caídas rexistradas en xaneiro –do 0,6%- e en marzo –do 11,0%-. En febreiro os establecementos hoteleiros de Lugo conseguiron resultados positivos cunha suba do 3,6% neste caso.
- O 88% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 12% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional cae un 10,1% como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros españois, do 14,0% neste caso.
- O mercado internacional amosa, en cambio, un incremento moi notable, dobrando os niveis do pasado ano e situándose en preto de nove mil noites. O crecemento é moi destacado en termos porcentuais mais fai referencia a un volume relativamente baixo de demanda.
- A estadía media hoteleira increméntase neste período –un 8,8% en particular- para situarse en 2,0 noites, cifra superior á do pasado ano mais inferior á rexistrada en 2017 –cando superaba levemente a cifra de 2,2 noites de media-.
- Descende a demanda nun contexto de certa estabilidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende menos do 1%-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación -cae en case un punto porcentual para situarse no 39,7% de media para este primeiro trimestre –a segunda cifra máis elevada da década-.
- As tarifas hoteleiras soben neste primeiro trimestre –un 4,5% en particular-, situándose en 43,0 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Tal circunstancia provoca en esencia que neste período melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira –un 2,1% en particular-, a pesar dos resultados negativos en termos de demanda e ocupación. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sitúase en 19,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Lugo. 1º trimestre 2012-19



CONCELLO DE OURENSE

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ourense

		Marzo 2019	1º trimestre 2019
VIAXEIROS	Nº	12.024	29.344
	Var. 19/18	11,7%	9,2%
PERNOCTACIÓNS	Nº	18.801	46.353
	Var. 19/18	11,1%	9,8%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,56	1,58
	Var. 19/18	-0,6%	0,5%
OCUPACIÓN (%)	%	48,16%	41,17%
	Var. 19/18	5,69	4,49
ADR (€)	%	55,7 €	52,0 €
	Var. 19/18	-0,7%	-7,6%
RevPAR (€)	%	30,3 €	24,8 €
	Var. 19/18	17,3%	4,3%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.

		Marzo 2019	1º trimestre 2019
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	10.600	25.615
	Var. 19/18	6,8%	6,0%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	1.424	3.729
	Var. 19/18	68,9%	38,4%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	16.845	40.247
	Var. 19/18	9,7%	8,2%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	1.956	6.106
	Var. 19/18	24,8%	21,6%


MARZO 2019

- No pasado mes de marzo obsérvase un comportamento positivo dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ourense. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 11,7% e o volume de noites un 11,1% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Sobe a demanda na cidade de Ourense por segundo ano consecutivo neste mes de marzo –e por cuarta vez nos últimos cinco anos–, colocando o nivel final deste 2019 en preto de 19 mil noites –a cifra máis elevada da década–. Os resultados do segmento hoteleiro en Ourense non se viron afectados neste ano polo efecto negativo do calendario coa celebración da Semana Santa,

circunstancia que reforza aínda máis o carácter positivo do comportamento da demanda neste mes de marzo.

- O 90% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 10% restante é de orixe internacional.
- Neste terceiro mes do ano obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 9,7% como consecuencia esencialmente dun crecemento da cifra de viaxeiros españois, do 6,8% neste caso.
- O mercado internacional amosa igualmente unha suba neste mes –do 24,8% en concreto- provocada por un incremento da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 69% neste caso.
- A estadia media hoteleira mantense relativamente estable neste mes quedando preto de 1,6 noites. Son catro anos consecutivos nos que a estadia media hoteleira en Ourense se sitúa no contorno deste valor, sen presentar variacións moi significativas.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de leve descenso da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas cae un 1,8%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación –de case seis puntos porcentuais- para situalo no 48,2% neste terceiro mes do ano.
- As tarifas hoteleiras descenden levemente neste terceiro mes do ano –un 0,7% en particular- situándose en 55,7 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O incremento dos niveis de demanda e ocupación levan neste mes, a pesar do descenso das tarifas hoteleiras, a unha mellora dos niveis de rendibilidade. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 17,3% situándose en 30,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.


Noites hoteleiras no concello de Ourense. Mes de marzo 2012-19



1º TRIMESTRE 2019

- No primeiro trimestre deste ano 2019 obsérvase un incremento dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ourense. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 9,2% e o volume de noites un 9,8% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- É o segundo ano consecutivo –e cuarto desde 2015- no que se observa un incremento dos niveis de demanda hoteleira en Ourense no conxunto dos primeiros tres meses do ano. A suba deste ano engádese á rexistrada en 2018 –do 8,6%- o que permite recuperar a práctica totalidade do volume de noites perdido en 2017 e situarse ao nivel do primeiro trimestre de 2016 –cun máximo histórico de demanda con máis de 46 mil noites-.
- O 87% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 13% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 8,2% como consecuencia esencialmente dun crecemento da cifra de viaxeiros españois, do 6,0% neste caso.
- O mercado internacional amosa igualmente unha suba do número de noites neste período –do 21,6% en concreto- provocada por un incremento da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 38,4% neste caso.
- A estadía media hoteleira mantense estable neste período para situarse novamente preto de 1,6 noites. En sentido estrito a estadía media en Ourense apenas variou nos últimos catro anos, manténdose sempre no contorno de 1,6 noites.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de descenso da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas cae un 1,9%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación –de máis de catro puntos porcentuais- para situalo no 41,2% neste período de tres meses.
- As tarifas hoteleiras descenden neste primeiro trimestre –un 7,6% en particular- situándose en 52,0 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O incremento dos niveis de demanda e ocupación leva a que neste período de tres meses melloren os niveis de rendibilidade hoteleira –a pesar da caída dos prezos-. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 4,3% para situarse en 24,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Ourense. 1º trimestre 2012-19



CONCELLO DE PONTEVEDRA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Pontevedra

		Marzo 2019	1º trimestre 2019
VIAXEIROS	Nº	7.774	17.028
	Var. 19/18	4,5%	0,2%
PERNOCTACIÓNS	Nº	19.668	42.086
	Var. 19/18	8,4%	8,2%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,53	2,47
	Var. 19/18	3,8%	8,0%
OCUPACIÓN (%)	%	48,52%	35,83%
	Var. 19/18	1,42	0,96

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Marzo 2019	1º trimestre 2019
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	5.496	13.557
	Var. 19/18	1,6%	8,2%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	2.278	3.472
	Var. 19/18	12,3%	-22,2%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	12.616	32.123
	Var. 19/18	-3,4%	11,1%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	7.052	9.963
	Var. 19/18	38,8%	0,0%

MARZO 2019

- No pasado mes de marzo obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Pontevedra. En concreto, increméntase a cifra de viaxeiros aloxados un 4,5% e o volume de noites un 8,4% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Increméntase a demanda por segundo ano consecutivo –no pasado ano 2018 subira en máis dun 50%- circunstancia que eleva o nivel final deste mes a preto de 20 mil noites –a cifra máis elevada dos últimos anos-.
- O 64% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 36% restante é de orixe internacional.
- Neste terceiro mes do ano obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional cae un 3,4% como consecuencia dun descenso da estadia media pois a cifra de viaxeiros españois sobe levemente, un 1,6%.


- O mercado internacional amosa, en cambio, un comportamento positivo de notable intensidade, superando nun 12,3% a cifra de viaxeiros estranxeiros e nun 35,9% o volume de noites do mes de marzo do pasado ano.
- A estadia media hoteleira increméntase neste mes –un 3,8% en particular- situándose en pouco máis de 2,5 noites –a cifra máis elevada dos destinos urbanos da comunidade, e tamén a mais elevada dos últimos cinco anos dentro da cidade-. En marzo de 2015 a cifra quedaba en case 1,9 noites.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible, pero de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 5,4%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación -sobe en algo máis dun punto porcentual para situarse no 48,5% de media para este mes de marzo-.

Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. Mes de marzo 2015-19



1º TRIMESTRE 2019

- No primeiro trimestre deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Pontevedra. En concreto, o volume de noites incrementábase nun 8,2% en relación ao mesmo período do pasado ano como consecuencia dunha mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense estable.
- Son catro anos consecutivos de crecemento da demanda –medida en número de noites- no primeiro trimestre do ano, circunstancia que eleva a cifra de 2019 a 42 mil noites –o dato máis elevado de cando menos os últimos cinco anos-. Nos primeiros tres meses de 2015 o nivel situábase en preto de 23 mil noites.
- O 76% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 24% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento algo dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 11% como consecuencia dun incremento parello da cifra de viaxeiros españois, do 8,3%, acompañado dunha leve mellora da estadia media.
- O mercado internacional mantense estable neste caso como consecuencia da combinación de dous factores: caída da cifra de viaxeiros estranxeiros –do 22%- e mellora paralela da estadia media –do 29% neste caso-.
- A estadia media hoteleira incrementábase por segundo ano consecutivo –un 8,0% neste primeiro trimestre- situándose en preto de 2,5 noites –a cifra máis elevada dos destinos urbanos da comunidade, e tamén a máis elevada dos últimos cinco anos dentro da cidade-.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible, pero de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 5,8%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación -sobe nun punto porcentual para situarse no 35,8% de media para este período de tres meses-.

Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. 1º trimestre 2015-19

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Compostela

		Marzo 2019	1º trimestre 2019
VIAXEIROS	Nº	41.929	98.250
	Var. 19/18	3,6%	5,2%
PERNOCTACIÓNS	Nº	81.431	192.957
	Var. 19/18	4,6%	8,0%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,94	1,96
	Var. 19/18	1,0%	2,7%
OCUPACIÓN (%)	%	36,3%	31,99%
	Var. 19/18	1,31	2,48
ADR (€)	%	54,5 €	52,8 €
	Var. 19/18	-6,3%	-5,1%
RevPAR (€)	%	22,7 €	19,9 €
	Var. 19/18	-2,9%	4,8%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Marzo 2019	1º trimestre 2019
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	26.811	68.752
	Var. 19/18	1,3%	6,5%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	15.118	29.498
	Var. 19/18	7,9%	2,1%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	54.012	139.888
	Var. 19/18	1,9%	8,9%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	27.419	53.069
	Var. 19/18	10,3%	5,7%

MARZO 2019

- No pasado mes de marzo obsérvase un incremento dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Santiago de Compostela. En concreto, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 3,6% e o volume de noites un 4,6% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Este resultados positivos teñen grande importancia porque se producen a pesar do efecto negativo do calendario, isto é, acontecen nun mes no que en temos xerais hai un condicionante negativo neste 2019 por mor da celebración da Semana Santa en abril –e non en marzo coma o pasado ano-. A comparativa interanual adoce, por tanto, deste efecto que no caso de Santiago non é suficiente como para impedir superar as cifras de marzo de 2018.


- É o segundo ano consecutivo –e cuarto desde o 2015- no que se rexistra un crecemento da demanda nos hoteis e pensións de Santiago neste mes de marzo, a taxas variables que superan o 20% en 2016. Con esta dinámica a cidade de Santiago rexistra neste 2019 máis de 81 mil noites no terceiro mes, a cifra máis elevada da década.
- O 66% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 34% restante é de orixe internacional. Estas porcentaxes difiren notablemente do observado nos dous primeiros meses do ano cando o mercado nacional representaba case o 80% do total da demanda hoteleira.
- Neste terceiro mes do ano obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 1,9% como consecuencia esencialmente dun incremento da cifra de viaxeiros españois, do 1,3% neste caso.
- O mercado internacional presenta tamén un comportamento positivo superando nun 7,9% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 10,3% o volume de noites do pasado ano. Con isto o turismo estranxeiro acada un máximo histórico de demanda no mes de marzo con máis de 27 mil noites.
- A estadia media hoteleira increméntase por terceiro ano consecutivo –un 1,0% neste terceiro mes de 2019-, situándose levemente por encima de 1,9 noites –a cifra máis elevada dos últimos cinco anos-.
- Increméntase a demanda nun contexto de estabilidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe en realidade un 0,6%-, circunstancia que permite mellorar o nivel de ocupación - crece en máis dun punto porcentual para situarse no 36,3% de media para este mes de marzo, a cifra máis elevada dos últimos nove anos-.
- As tarifas hoteleiras descenden neste mes de marzo –un 6,3% en particular- situándose en 54,5 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Este descenso provoca que se reduzan os niveis de rendibilidade hoteleira en Santiago a pesar dos resultados positivos en termos de demanda e ocupación. Neste sentido o RevPAR hoteleiro cae un 2,9% situándose en 22,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Santiago de Compostela. Mes de marzo 2012-19



1º TRIMESTRE 2019

- No primeiro trimestre deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Santiago de Compostela. En concreto, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 5,2% e o volume de noites un 8,0% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- É o segundo ano consecutivo –e cuarto nos últimos cinco anos- no que se observa un crecemento da demanda en Compostela no conxunto dos primeiros tres meses do ano. Tal dinámica eleva o nivel deste 2019 a 193 mil noites, a cifra máis alta da década –e próxima ao valor rexistrado en 2010 cando se achegaba ás 210 mil noites-.
- O 72,5% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 27,5% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 8,9% como consecuencia esencialmente dun incremento da cifra de viaxeiros españois, do 6,5% neste caso.
- O mercado internacional amosa tamén un comportamento positivo superando nun 2,1% a cifra de viaxeiros estranxeiros e nun 5,7% o volume de noites do primeiro trimestre de 2018.
- A estadia media hoteleira incrementábase por segundo ano consecutivo –un 2,7% nestes primeiros tres meses de 2019-, situándose preto das dúas noites –a cifra máis elevada dos últimos cinco anos aínda que próxima á rexistrada en 2015-.
- Incrementábase a demanda nun contexto de estabilidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas subiu apenas un 0,3%- circunstancia que permite mellorar o nivel de ocupación –sobe en 2,5 puntos porcentuais para situarse no 32,0% de media para este período, a cifra máis elevada desde o 2010-.
- As tarifas hoteleiras descenden neste primeiro trimestre –un 5,1% en particular- situándose en 52,8 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de caída dos prezos –de menor intensidade-. Tal circunstancia leva a que neste primeiro trimestre melloren os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 4,8% situándose en 19,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Santiago de Compostela. 1º trimestre 2012-19

CONCELLO DE VIGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Vigo

		Marzo 2019	1º trimestre 2019
VIAXEIROS	Nº	26.187	73.343
	Var. 19/18	-7,1%	-0,4%
PERNOCTACIÓNS	Nº	59.382	166.658
	Var. 19/18	13,1%	14,3%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,27	2,27
	Var. 19/18	21,8%	14,8%
OCUPACIÓN (%)	%	41,16%	40,36%
	Var. 19/18	5,66	6,03
ADR (€)	%	53,7 €	53,1 €
	Var. 19/18	0,6%	1,0%
RevPAR (€)	%	26,8 €	26,4 €
	Var. 19/18	7,7%	8,2%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Marzo 2019	1º trimestre 2019
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	19.996	56.317
	Var. 19/18	-7,0%	-0,8%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	6.191	17.026
	Var. 19/18	-7,3%	0,8%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	46.199	129.768
	Var. 19/18	17,5%	16,8%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	13.183	36.890
	Var. 19/18	0,1%	6,6%

MARZO 2019

- No pasado mes de marzo obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Vigo. En concreto, increméntase o volume de noites nun 13,1% como consecuencia dunha mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados cae un 7,1% en relación ao pasado ano.
- O crecemento da demanda prodúcese a pesar do efecto negativo do calendario por canto este ano a Semana Santa celébrase en abril mentres que en 2018 coincidiu plenamente en marzo. Este cambio inflúe negativamente nos resultados globais de marzo de 2019 mais en Vigo este aspecto non foi suficiente como para colocar o volume de noites por debaixo dos niveis de marzo do pasado ano.

- É o quinto ano consecutivo no que se observa un crecemento da demanda hoteleira en Vigo no mes de marzo, a taxas variables que superaron o 20% interanual en 2016 por exemplo. Esta dinámica eleva o nivel final deste 2019 a máis de 59 mil noites na cidade olívica –a cifra máis elevada dos últimos doce anos e equivalente ao valor rexistrado en 2007-.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é diferente, pois a cifra cae neste 2019 logo de acumular catro anos consecutivos de crecemento, o que sitúa o nivel final en pouco máis de 26 mil.
- O 78% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 22% restante é de orixe internacional.
- Neste terceiro mes do ano obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe de forma importante, un 17,5% en número de noites, como consecuencia da mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros españois cae un 7,0%.
- O mercado internacional presenta en cambio un comportamento estable, mantendo practicamente invariable o nivel de demanda do pasado ano –medida en número de noites-. Neste caso acontecen dous fenómenos contrapostos: descenso da cifra de viaxeiros estranxeiros nun contexto de mellora da estadia media de similar intensidade.
- A estadia media hoteleira increméntase notablemente neste ano –un 22% en particular- para situarse por vez primeira na serie histórica no contorno de 2,3 noites de media. Tal circunstancia xa acontecera no pasado mes de febreiro, contribuíndo desta maneira á mellora dos niveis de demanda na cidade olívica.
- Increméntase a demanda nun contexto de caída da oferta dispoñible pero de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas descende un 2,8%-, circunstancia que permite mellorar o nivel de ocupación –sobe en case seis puntos porcentuais para situarse no 41,2% de media para este mes de marzo, a cifra máis elevada dos últimos doce anos-.
- As tarifas hoteleiras soben levemente neste terceiro mes do ano –un 0,6% en particular-, situándose en 53,7 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de demanda e ocupación acontecida ademais nun contexto de suave incremento dos prezos provoca que neste mes de marzo melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 7,7% situándose en 26,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Vigo. Mes de marzo 2012-19



1º TRIMESTRE 2019

- Nos primeiros tres meses deste ano 2019 obsérvase un crecemento dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Vigo. En concreto, o volume de noites sobe un 14,3% como consecuencia da mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense estable, en cifras semellantes ás do pasado ano.
- É o quinto ano consecutivo no que se rexistra unha mellora dos niveis de demanda hoteleira en Vigo nos primeiros tres meses do ano. Esta dinámica coloca a cifra deste 2019 en preto de 167 mil noites, dato que supón un máximo histórico na cidade.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é diferente, rompéndose neste 2019 a tendencia positiva dos catro anos anteriores mais deixando a cifra final por encima dos 73 mil viaxeiros.
- O 78% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 22% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 16,8% como consecuencia da mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros españois descende apenas un 1%.
- O mercado internacional presenta tamén un comportamento positivo neste período, superando nun 6,6% o volume de noites de 2018 grazas tamén á mellora da estadia media nun contexto no que a cifra de viaxeiros estranxeiros apenas sobe un 1%.
- A estadia media hoteleira sobe de forma notable neste trimestre –un 14,8% en particular- para situarse por vez primeira na serie histórica preto de 2,3 noites de media.
- Incrementase a demanda nun contexto de caída da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende un 2,4%-. Ambas circunstancias permiten mellorar o nivel de ocupación - sobe en seis puntos porcentuais para situarse no 40,4% de media para este período, dato que supón tamén un máximo histórico para a cidade-.
- As tarifas hoteleiras soben levemente neste primeiro trimestre do ano –un 1,0% en particular-, situándose en 53,1 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de ocupación acontecida ademais nun contexto de leve incremento dos prezos provoca que neste período melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 8,2% situándose en 26,4 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Vigo. 1º trimestre 2012-19